Observación da expresión oral de cada alumno, especialmente a través das súas intervencións en clase: preguntas, corrección de exercicios, coloquios e debates.

Valoración do traballo realizado polo alumnado (caderno de clase, monografía ou dossieres sobre temas concretos, definición de conceptos, comentarios de textos, gráficos, mapas).

Sempre e en todos os casos valoraremos unha correcta expresión oral e escrita, puntuándose aspectos como a claridade e corrección da escrita, a correcta pronunciación das frases nos exercicios orais, a boa presentación e que o alumnado se axuste ó tema sen divagacións.

13.2.. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

Partir dos coñecementos previos do alumnado e construír paulatinamente os novos contidos a través de actividades de adquisición, repaso e reforzo.

Relacionar os contidos curriculares coa vida cotiá próxima ao alumnado co obxectivo de crear interese e motivación.

Desenvolver a reflexión e o espírito crítico para fomentar a capacidade de razoamento e as iniciativas persoais.

Crear un clima escolar de aceptación mutua e de cooperación.

Proporcionar os medios necesarios para acadar unha atención individualizada, desenvolvendo as medidas de reforzo, agrupamento e adaptacións curriculares que sexan precisas.

Diversificar os instrumentos de avaliación e potenciar o seu carácter formativo.

Favorecer a reflexión e a intuición para conseguir que o alumnado teña unha iniciativa investigadora.

Potenciar a lectura e a busca de información e tratamento da información como fonte de coñecemento e entretemento.

Fomentar habilidades no alumnado para que sexa capaz de continuar a aprendizaxe de forma autónoma.

Potenciar as metodoloxías activas e participativas, combinando o traballo individual e o cooperativo.

Potenciar a aprendizaxe por proxectos.

Facer un uso habitual das TIC.

Recalcar o papel facilitador do profesorado.

Os contidos da área presentaranse organizados en conxuntos temáticos de carácter analítico e disciplinar, que aparecen denominados como bloques.

A Xeografía e Historia permite desenvolver unha metodoloxía que compare o inmediato e o afastado, o propio e o alleo, o máis concreto e o máis abstracto, xustificando así a importancia que no currículo debe concederse aos aspectos da Xeografía, a Historia, e a cultura de Galicia. Non se pode esquecer, á hora de introducir contidos metodolóxicos, a

importancia de saber interpretar fontes de diversa tipoloxía, a comprensión da multicausalidade e a intencionalidade na interpretación dos procesos, o uso adecuado da información e o manexo da documentación. A finalidade destas materias concrétese en dar unha visión global do mundo e un conxunto de valores para que os/as alumnos/as adopten unha actitude ética e comprometida dentro dunha sociedade plural e solidaria. O alumnado ten que se implicar na aprendizaxe e ten que adquirir as habilidades que lle permitan construír os seus propios esquemas explicativos para comprender o mundo no que vive, construír a súa identidade persoal, interactuar en situacións variadas e continuar aprendendo. Na nosa práctica docente empregaremos os recursos didácticos necesarios que permitan desenvolver os contidos das materias de Ciencias Sociais (como compoñentes das competencias básicas) e, deste xeito, poder alcanzar os obxectivos en cada materia.

13.3.MATERIAIS E RECURSOS

Un aspecto fundamental da metodoloxía son os materiais e recursos didácticos, facendo especial mención ós materiais escritos, incluíndo os libros de texto, a prensa periódica, dicionarios, atlas históricos, mapas históricos e xeográficos, recursos en rede e os materiais audiovisuais: documentais e películas. Incidindo no referente a libros de texto, propoñemos o seguinte:

En Historia da Arte, de 2 de Bachelato, utilizarase material de elaboración propia, así como fotocopias, fichas, tanto entregado ao alumnado como proxectado co canón, tamén empregamos diferentes recursos da rede, presentacións ...

Tamén utilízase o manual de Vicens Vives da H^a da Arte.

13.4.CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

13.4.1.CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos de avaliación empregados polo docente concrétese en actividades a realizar polos alumnos: resposta a preguntas, presentación orais, resolución de exercicios, búsquedas de información, debates, etc.

O docente dará ó alumnado as instrucións para realizar cada unha das actividades, pero todas elas, tanto exames como intervencións orais, tanto traballos escritos na libreta como entregados aparte, serán valoradas seguindo uns criterios de cualificación que explicitamos a continuación:

Corrección: para que unha actividade sexa correcta, teñen que darse unha serie de condicións:

Adecuación: a actividade ocúpase do asunto que se pregunta e non outro calquera.

Coherencia: na argumentación non hai contradicións.

Claridade: as explicacións son facilmente intelixibles (non son "escuras").

Distinción: os conceptos empregados están definidos (non son "confusos").

Actividade completa: significa que a actividade é desenvolvida esgotando, na medida do posible, o asunto do que trata. A actividade completa maniféstase no emprego de tódolos conceptos relacionados co asunto.

Boa presentación: significa que o resultado final da actividade ten calidade estilística. A boa presentación maniféstase no coidado do material impreso, da ortografía e a dicción.

Autonomía: significa que a actividade é realizada por un mesmo. A autonomía maniféstase no uso dunha linguaxe propia, na reflexión sincera e no emprego de exemplos orixinais.

Adicación: significa que o alumno tentou superar as súas dificultades sen escatimar tempo e esforzo para que o resultado sexa satisfactorio.

Pertinencia: significa que as intervencións van dirixidas a realizar as actividades e non a obstaculizalas.

Respecto: significa que a palabra dos outros compañeiros e do profesor é escoitada de forma activa, e que a súa postura é valorada.

Colaboración: significa que nas actividades de grupo o resultado colectivo prima sobre as inclinacións individuais.

Puntualidade: significa que se respectan os tempos establecidos para as actividades. A puntualidade maniféstase na asistencia ás aulas, no remate das actividades e na entrega dos traballos.

13.4.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O docente decidirá para cada actividade cales son os criterios relevantes a ter en conta. Por exemplo nunha exposición oral son relevantes a corrección, completude, presentación e autonomía. Nunha búsqueda de información en grupo, en cambio, a colaboración e o respecto poden ser tamén relevantes, namentres poden non selo a completude e a presentación. Unha vez determinados os criterios relevantes o docente poderá empregar a seguinte rúbrica xenérica para a cualificación das actividades:

CUALIFICACIÓN	SIGNIFICADO	VALOR DA NOTA
MM	Moi mal: a actividade non foi realizada ou foino de modo	0%
M	Mal: a actividade foi realizada de modo que satisfai de modo	25%
R	Regular: a actividade foi realizada de modo que satisfai de	50%
B	Ben: a actividade foi realizada de modo que satisfai de modo	75%
MB	Moi ben: a actividade foi realizada de modo que satisfai de	100%

Os catro derradeiros criterios do listado –adicación, pertinencia, respecto e colaboración- non se refiren ó contido das actividades, senón á actitude que as favorece. A ponderación destes criterios actitudinais consistirá na adición de decimais para o redondeo da cualificación da avaliación acadando o enteiro superior (por exemplo, un alumno que ten un 6.3 como resultado da avaliación sumativa, poderá acadar un 7 en función de se foi cualificado positivamente atendendo a estes criterios).

Con carácter xeral, a cualificación da avaliación final será a media das avaliacións parciais, acadando o enteiro superior ou inferior por redondeo en función de se se acadan as 5 décimas ou non respectivamente. O docente poderá valorar os criterios actitudinais de modo que a súa cualificación permita o redondeo da cualificación de avaliación no enteiro superior, tal como se especificou máis arriba. De modo extraordinario, un alumno poderá acadar unha cualificación superior á media aritmética

correspondente cando a súa progresión durante o curso sexa tan intensa que acade un grao de aprendizaxe dos estándares moi superior ao realizado nas primeiras avaliacións.

13.4.3 CRITERIOS DE PROMOCIÓN.

Promocionarán a materia todos aqueles alumnos que acaden alomenos un 5 na cualificación final ordinaria.

Un lugar importante entre os instrumentos para a avaliación da aprendizaxe do alumnado son os distintos tipos de probas orais e escritas (probas obxectivas, desenrolo de temas, exercicios de aplicación...). En relación co deseño e presentación destas probas acordamos ter en conta o seguinte:

Parécenos oportuno empregar diferentes tipos de cuestións ou exercicios en consonancia coas capacidades que se queiran avaliar. Así, por exemplo, os distintos tipos de probas obxectivas son as máis indicadas para avaliar a memorización de feitos e conceptos, mentres que o desenrolo dun tema por escrito é unha técnica máis axeitada para avaliar a capacidade do alumnado de estruturar con coherencia a información, de argumentar lxicamente, de tomar en consideración distintas informacións e opinións, e de sintetizar e valorar as súas achegas.

Os exames constarán de:

_ En H^a da Arte de 2^o de Bachelato: Os exames incluirán tres preguntas: unha de catro definicións puntuada sobre 0,5 cada unha, e tres comentarios de láminas, das cales teñen que elixir dúas. Valoradas cada unha delas cun máximo de catro puntos.

Se farán un ou dous exames por avaliación. No segundo caso farase a media das dúas notas, agás se unha delas está cualificada con menos de tres puntos (consideramos que unha nota tan baixa demostra total descoñecemento da materia),

En **2^o de Bachelato a recuperación** de cada avaliación será no trimestre seguinte. Agas na terceira avaliación que se hara xunto co exame final O alumnado deberá presentarse ao exame final coa materia das avaliacións non aprobadas.

As faltas de ortografía suporán o desconto de 0,10 puntos por cada unha, ata un máximo de 3 puntos.

Para superar a materia a nota media total deberá ser, como mínimo, un cinco.

para obter a cualificación global, sumaranse as notas dos exames (cun mínimo de 3 puntos para facer media) o traballo diario do alumno e a actitude.

En 2º de Bachelato, en Hª da Arte os exámes supoñen o 80% da nota, outro 20% os traballos realizados, así coma a súa actitude.

En caso de non ter superadas as tres avaliacións ó final do curso, o departamento, para facilitar o aprobado, propón un exame final sempre que o alumno fixera tódolos exames parciais, as recuperacións, asistira regularmente a clase e tivera unha actitude positiva.

En caso de copiar nun exame, o alumno suspenderá esa proba e deberá facer a recuperación, se o exame é o final de xuño ou o extraordinario de xuño suspenderá dita proba.

Dado que a avaliación é contínua, entendemos como procedemento de avaliación extraordinario aquel que se aplique unha vez que a avaliación final ordinaria sexa negativa. Para eses casos haberá unha proba formal escrita no mes de maio que puntuará sobre 10 puntos para unha avaliación positiva.

No caso de suspender a proba extraordinaria de maio haberá outra en xuño coas mesmas características.

Nas probas extraordinarias, o alumnado deberá ser moi escrupuloso coa puntualidade, xa que o seu incumprimento considerarase unha falta leve. Para unificar criterios o Departamento decide que cando se celebren os exames, o alumnado terá que esperar quince minutos para poder saír, e a partir dese momento non se deixará entrar a ninguén baixo ningún concepto.

Con respecto ós exames finais e extraordinarios, estes exames deben ser comúns para todos os alumnos e alumnas do mesmo nivel.

13.5. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN TOMAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

Durante as dúas primeiras semanas de clase, faranse actividades de comprensión e expresión seleccionadas para comprobar en que medida se posúen as competencias necesarias para o seguimento da programación. Unha vez corrixidas as actividades o docente adecuará o nivel de esixencia dos estándares de aprendizaxe ó nivel de competencias rexistradas no

alumnado. Así mesmo contará coa información pertinente para, unha vez contrastada cos outros membros da xunta de avaliación inicial, decidir que medidas ordinarias ou extraordinarias de atención á diversidade deberá aplicar.

Os instrumentos para realizar dita avaliación pode ser un ou varios dos seguintes:

- Observación sistemática.
- Entrevista oral.
- Cuestionario.
- Análise de producións escritas.
- Proba específica.

14. PATRIMONIO ARTÍSTICO E CULTURAL DE GALICIA. 2º BACHARELATO.

14.1 Introducción

a) Xustificación da programación

O patrimonio artístico e cultural galego caracterízase pola súa riqueza, diversidade e extensión xeográfica, así como pola vinculación á paisaxe que o rodea. Abundan os monumentos megalíticos, como dolmens, gravados rupestres ou castros e poboados fortificados da Idade do Ferro, e son numerosos os restos romanos, entre os que destaca a muralla de Lugo ou a torre de Hércules, da Coruña.

Pero se algo a converte en referente europeo son as múltiples arterias do camiño que conduce a Santiago de Compostela. Os Camiños de Santiago, que tiveron o seu esplendor na Idade Media, foron declarados polo Consello de Europa Primeiro Itinerario Cultural Europeo e actualmente son percorridos cada ano por milleiros de persoas.

Na meta da ruta xacobeá está a catedral de Santiago de Compostela, un dos principais símbolos de Galicia polo seu valor patrimonial, pola súa importancia histórica na conformación da propia identidade europea e pola súa proxección para a imaxe da comunidade galega no exterior.

Durante a Idade Moderna, cunha sucesión de crises económicas e culturais, a arte entra en certa decadencia, polo que o Renacemento non é un período destacable na historia da arte galega. Todo o contrario sucede co Barroco, que tivo en Compostela un desenvolvemento específico e frutífero.

No discorrer do século XIX, coa revitalización cultural que supuxo o [Rexurdimento](#), Galicia é influída polos movementos artísticos e culturais que marcaron Europa, entre eles o modernismo.

Finalmente, no século XX e no actual XXI atopamos unha xeración de artistas que crean unha escola galega que conecta coas correntes internacionais, destacando entre outros Francisco Asorey, Carlos Maside, Luís Seoane, Maruxa Mallo ou Isaac Díaz Pardo.

Por outra banda, a materia proposta non esquece que ao longo do territorio galego dominan tamén as construcións en pedra, principalmente castelos, torres, pazos, hórreos e cruceiros, ademais dos innumerables exemplos do patrimonio industrial, tales como antigas fábricas, obradoiros, minas, muíños, fornos, pontes, medios de transporte, vías, inmobles, etc., e a propia paisaxe modificada pola actividade humana, así como as innumerables testemuñas da riqueza do patrimonio cultural de Galicia.

Porén, a materia de Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia vén, dalgún xeito, recoñecer e pór en valor a inmensa riqueza do acervo artístico e cultural galego; unha maneira máis de contribuír ao mantemento do noso singularísimo patrimonio material ao longo do devir xeracional, adecuando a difusión do coñecemento do propio aos estilos de aprendizaxe actuais, representados nas competencias clave. De aí que, dun xeito máis ou menos específico, as distintas competencias clave desenvólvense ao longo da materia, sexa mediante contidos que son propios da historia da arte de Galicia, sexa mediante o estudo e aprecio do patrimonio, sexa a través das vertentes máis actitudinais e procedementais das competencias.

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando distintos ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. A materia de Patrimonio Artístico e Cultural permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo estea permanentemente presente, con elaboración de diferentes tipos de materiais, e integrando de forma especial as TIC.

Entendemos que a función da ensinanza é facilitar a aprendizaxe dos alumnos e as alumnas, axudándoos a construír, adquirir e desenvolver as Competencias Clave que lles permitan integrarse na sociedade do coñecemento e afrontar os continuos cambios que impoñen en todas as ordes da nosa vida os rápidos avances científicos, a nova economía global e as diversas redondas académicas e laborais que o alumnado deberá afrontar en etapas posteriores da súa vida.

Por competencias enténdese, nun sentido amplo, a concatenación de saberes que artellan unha concepción do ser, do saber, saber facer e saber convivir. Neste sentido DeSeCo (2003) define competencia como "a capacidade de responder a demandas complexas e levar a cabo tarefas diversas de forma adecuada". A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións, e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz».

A inclusión das competencias clave no currículo ten como finalidade que as alumnas e os alumnos a) poidan facer posible o pleno exercicio da cidadanía no marco da sociedade de referencia; b) constrúan un proxecto de vida satisfactorio; c) alcancen un desenvolvemento personal emocional e afectivo equilibrado; e d) accedan a outros procesos educativos e formativos posteriores con garantías de éxito.

Nunha sociedade en constante cambio as demandas que ten un individuo varían dunha situación a outra e dun momento a outro. Por este motivo defendemos un modelo de competencia holístico, dinámico e funcional que xorde da combinación de habilidades prácticas, coñecementos (incluíndo o coñecemento tácito), motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz.

Ser competente, desde este enfoque, significa ser capaz de activar e utilizar ante un problema o coñecemento que o alumno ou a alumna ten. Desde esta perspectiva ser competente supón "mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores para responder as situacións formuladas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora" (Orde ECD/65/2015 do Ministerio de Educación e Ciencia, pola que se desenvolven as Competencias Clave).

Só a partir destas premisas pensamos que é posible a aplicación dun dos eixes fundamentais da Programación Didáctica Historia da Arte-: a funcionalidade das aprendizaxes. Por aprendizaxe funcional entendemos que as competencias poidan ser aplicadas e transferidas a situacións e contextos diferentes para lograr diversos obxectivos, resolver diferentes tipos de

problemas e levar a cabo diferentes tipos de tarefas.

A esta funcionalidade cabe darlle outra dimensión: que os alumnos e alumnas aprendan a aprender. Un aprendiz competente é aquel que coñece e regula os seus procesos de construción do coñecemento, tanto desde o punto de vista cognitivo como emocional, e pode usar estratexicamente os seus coñecementos, axustándoos ás circunstancias específicas do problema ao que se enfrenta (Bruer, Escuelas para pensar, 2003).

A eficacia destes principios quedaría incompleta se non foramos capaces de presentar os contidos das diferentes materias de forma artellada para facilitar o proceso de aprendizaxe e o desenvolvemento das Competencias Clave a través dos Estándares de aprendizaxe fixados para cada materia.

Tendo en cuenta que cada unha das materias contribúe ao desenvolvemento de diferentes competencias e, á súa vez, cada unha das competencias se acadará como consecuencia do traballo en varias materias, A Programación Didáctica Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia -- adopta unha perspectiva globalizadora á vez que pon a atención naquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles desde unha formulación integradora e orientada á aplicación dos saberes adquiridos.

Así, a aprendizaxe das competencias clave, aínda que vai ligada ás materias ou ás áreas de coñecemento e aos estándares de aprendizaxe fixados nelas, é global e adquirese a partir da súa contextualización en situacións reais e próximas ao alumno para que poida integrar diferentes aprendizaxes, tanto as formais, como as informais e non formais, e utilízalas de forma efectiva cando lle resulten necesarios en diferentes situacións e contextos.

Nesta liña quixemos incidir con especial énfase na relación dos contidos e materiais tratados ao longo da nosa Programación Didáctica Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia - coas novas realidades tecnolóxicas tan próximas e atractivas para o alumnado.

A aplicación ou desenvolvemento dos coñecementos tratados na materia dentro ámbitos como a Internet, o uso de soportes informáticos ou a análise da información transmitida por medios audiovisuais... constitúense como un elemento gratificante e motivador á vez que nunha aprendizaxe imprescindible para a adaptación do alumnado a futuras incorporacións a distintos ámbitos académicos ou laborais.

Se ao que antecede lle engadimos a presenza duns contidos que por especial importancia na nosa sociedade deben impregnar moitas das actividades de aprendizaxe así como o interese por fomentar a capacidade do alumnado para regular o seu propio proceso de aprendizaxe e seguir aprendendo ao longo da vida, teremos os piares sobre os cales elaboramos a presente Programación Didáctica Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia -.

b) Contextualización

1.1 Obxectivos e ámbitos de actuación da LOMCE

A Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) xorde como resposta a unha serie de retos educativos aos que se pretende dar resposta coa consecución dos seguintes obxectivos:

PRINCIPAIS RETOS EDUCATIVOS	OBXECTIVOS DA LOMCE
<ul style="list-style-type: none"> - Elevadas taxas de abandono escolar temperán. - Baixo nivel formativo en relación cos estándares internacionais (PISA, ...). - Reducido número de alumnos que acada a excelencia. - Inadecuación do sistema educativo ante as novas demandas de formación. 	<ul style="list-style-type: none"> - Encauzar os estudantes cara a traxectorias adecuadas ás súas potencialidades. - Mellorar os resultados aumentando o número de titulados da ESO. - Elevar os niveis de educación e aumentar o número de alumnos excelentes. - Mellorar a empregabilidade e estimular o espírito emprendedor do

Para lograr estes obxectivos a LOMCE centra a súa atención na modificación dos seguintes aspectos do Sistema Educativo:

- Racionalización da oferta educativa. O currículo simplificarase coa priorización das materias troncais para adquirir as competencias educativas.
- Flexibilización das traxectorias educativas. Establecemento de diferentes itinerarios educativos a partir da ESO.

- Autonomía dos centros educativos. Permitirá tomar decisións para mellorar a oferta educativa e suporá a rendición de contas dos resultados obtidos.
- Reforzo da capacidade de xestión da dirección dos centros. Os directores asumirán o liderado pedagóxico e de xestión.
- Implantación de avaliacións externas. Estas levaranse a cabo ao finalizar cada etapa educativa: 6º Curso de Primaria, 4º curso de ESO e 2º curso de Bacharelato.

Ademais, a LOMCE define tres novos ámbitos de actuación que incidirán especialmente na transformación do noso sistema educativo:

- A incorporación xeneralizada das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC). A través das TIC facilitarase a personalización da educación.
- O fomento do plurilingüismo. Fixado pola Unión Europea, lograrase pola incorporación no currículo dunha segunda lingua estranxeira.
- A modernización da Formación Profesional. Adaptarase ás novas esixencias dos sectores produtivos e implicarase as empresas na formación.

Segundo as recomendacións das institucións europeas a LOMCE incorpora a educación cívica e constitucional como contido transversal en todas as materias da educación básica O obxectivo é transmitir e pór en práctica valores como a liberdade individual, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia ou a igualdade.

1.2 Principios do Sistema Educativo

Para levar a cabo todos os ámbitos de actuación detallados no epígrafe anterior, cóncíbese a LOMCE como unha lei orgánica que só modifica parcialmente a previa Lei Orgánica de Educación (LOE) do ano 2006. Neste sentido, e polo que se refire aos principios que inspiran o Sistema Educativo Español, incorporáronse os seguintes:

- A equidade e a igualdade de dereitos e oportunidades que garantan o pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado a través da educación.
- O recoñecemento dos proxenitores e titores como primeiros responsables da educación dos seus fillos.
- A educación para a prevención e resolución pacífica de conflitos, así como o fomento da non violencia e a prevención do acoso escolar.

- O desenvolvemento de valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e que axuden a previr a violencia de xénero.
- A liberdade de ensino, que lles reconece ás familias a elección do tipo de educación e a selección do centro educativo. Para garantir o desenvolvemento destes principios defínese o Sistema Educativo como o conxunto de Administracións educativas, profesionais da educación e outros axentes, públicos e privados, que desenvolven funcións de regulación, de financiamento ou de prestación de servizos para o exercicio do dereito á educación en España. Ademais establécense os órganos de participación da comunidade educativa na programación e asesoramento do goberno.

1.3 Elementos do currículo na LOMCE

A LOMCE modifica os elementos que compoñen o currículo como regulador dos procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das etapas educativas.

Estes elementos pasan a ser os seguintes:

- Os obxectivos de cada ensino e etapa educativa.
- As competencias ou capacidades para aplicar os contidos de cada ensino e etapa educativa.
- Os contidos, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos e á adquisición de competencias.
 - Os contidos ordénanse en materias, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas e as etapas educativas.
- Os estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeles, que permiten definir os resultados das aprendizaxes en cada materia.
- Os criterios de avaliación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensino e etapa educativa.
- A metodoloxía didáctica, que comprende tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos docentes.

14.2. Avaliación do alumnado

14.2. 1. Procedementos de Avaliación e Criterios de Cualificación

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de Bacharelato será continua e diferenciada segundo as distintas materias do currículo. Diferenciaranse dous procedementos básicos de Avaliación.

A Avaliación continua.

A Avaliación a través de Probas escritas.

No caso da Avaliación continua, os procedementos e instrumentos de avaliación serán a observación e seguimento sistemático do alumnado, é dicir, tomaranse en consideración todas as producións que desenvolva, tanto de carácter individual como grupal: traballos escritos, exposicións orais e debates, actividades de clase, investigacións, actitude ante a aprendizaxe, precisión na expresión, autoavaliación...

No que respecta á Avaliación a través de probas escritas, o Proxecto Didáctico incorpora unha serie de Probas que facilita a Avaliación do alumnado:

As Avaliacións Iniciais, nas que valoraremos os coñecementos previos que se teñen sobre cada un dos aspectos avaliados antes de iniciar un tema ou unidade didáctica valorando se: son suficientes, se deben mellorar ou se descoñecen.

As Avaliacións Finais que permitirán realizar unha avaliación dos coñecementos que o alumnado adquiriu ao concluír cada unha das unidades.

En todo caso, os procedementos de avaliación serán variados, de forma que poidan adaptarse á flexibilidade que esixe a propia avaliación.

A Avaliación realizarase igualmente a través dos Criterios de Avaliación e os Estándares de Aprendizaxe que o docente poderá avaliar a través da Rúbrica de Avaliación que este Proxecto Educativo facilita no apartado 6. 1. Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe. Igualmente poderemos levar a cabo unha Avaliación Competencial a partir da rúbrica proposta no apartado 4.4 Avaliación das competencias clave.

O grao de adquisición dos obxectivos a alcanzar tanto respecto dos Estándares de Aprendizaxe como das Competencias Clave valorarase, á súa vez, a partir de catro niveis de logro:

LOGRO – NIVEL 1: Logro non alcanzado.

LOGRO – NIVEL 2: Logro básico.

LOGRO – NIVEL 3: Logro medio.

LOGRO – NIVEL 4: Logro avanzado.

Como criterios xerais ou de referencia de calificación para establecer as notas en cada unha das tres avaliacións trimestrais e na avaliación final de curso e na extraordinaria de setembro, propónse que as probas escritas ponderen un 30%, os traballos tamén un 30% e as actividades diarias de clase un 40%. É dicir, teranse sempre en conta as cualificacións das actividades realizadas polo alumno ao longo de todo o curso escolar: a avaliación continua.

Recuperación de Avaliacións Pendentes

Co fin de facilitar aos alumnos a recuperación das materias que tiveron como resultado negativo durante o desenvolvemento da avaliación continua do correspondente trimestre, poderase facilitar a recuperación de dita avaliación suspensa favorecendo que:.

Os alumnos que non conseguiran aprobar algunha avaliación, terán oportunidade de recuperala en Maio.

14.3. MATERIAIS E RECURSOS

Ao tratarse dunha materia de nova creación e propia da comunidade autónoma de Galicia, non existen aínda recursos específicos para ela. Durante este curso empregaremos com o base os libros de editorial Nigra: *100 obras mestras da Arte Galega* e *Atlas Arte de Galicia*. Estes títulos se complementaran con audiovisuais da ASPG ou do Proxecto Terra, entre outros e sobre todo con internet.

14.4. Programación Didáctica por Temas Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia

Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. As raíces da arte galega				
1. b 2. d 3. e 4. i	1. B1.1. As imaxes e a súa representación simbólica.	1. B1.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais das primeiras manifestacións artísticas, e as posibles explicacións simbólicas das imaxes dos petróglifos, en relación cos seus respectivos contextos históricos e culturais	1. PAB1.1.1. Identifica as imaxes rupestres de Galicia en relación coas imaxes tribais ou étnicas existentes no mundo.	1. CCEC 2. CCL 3. CAA

	Patrimonio Artístico e Cultural de			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			1. PAB1.1.2. Relaciona as imaxes cun posible significado iconolóxico.	1. CCEC 2. CCL 3. CAA
			1. PAB1.1.3. Compara as imaxes prehistóricas coas de grupos étnicos da actualidade, e establece posibles paralelismos.	1. CCEC 2. CCL 3. CAA
			1. PAB1.1.4. Relaciona a iconografía dos petróglifos con composicións de artistas actuais.	1. CCEC 2. CCL 3. CAA
1. b 2. d 3. e 4. n	1. B1.2. Construcións megalíticas.	1. B1.2. Analizar o Dolmen de Dombate e os labores de recreación e restauración efectuados no século XX.	1. PAB1.2.1. Analiza o Dolmen de Dombate e debate acerca da súa autenticidade simbólica e histórica.	1. CCL 2. CAA 3. CCEC
1. n	1. B1.3. Función social da arte prehistórica en Galicia.	1. B1.3. Explicar a función social, ritual, relixiosa e xerarquizadora da arte prehistórica en Galicia, especificando o papel desempeñado pola sociedade.	1. PAB1.3.1. Especifica a consideración social, xerarquizadora e relixiosa das expresións artísticas da prehistoria en Galicia.	1. CCEC 2. CCL 3. CSC
1. d 2. e 3. m 4. n	1. B1.4. Comentario de obras de arte: arte da prehistoria en Galicia	1. B1.4. Analizar, comentar e clasificar obras significativas da arte prehistórica, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	1. PAB1.4.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras prehistóricas: dolmen de Axeitos, dolmen de Dombate e lapa de Gargantás.	1. CCEC 2. CCL 3. CAA
			1. PAB1.4.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras da arte prehistórica en Galicia: petróglifos de Mogor, Campo Lameiro, Cotobade e Castriño de Conxo; tesouro de Caldas de Reis e Casco de Leiro.	1. CCEC 2. CCL 3. CAA

	Patrimonio Artístico e Cultural de			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
1. d 2. e 3. g 4. m 5. n 6. n	1. B1.5. Traballo de investigación en patrimonio artístico e cultural de Galicia.	1. B1.5. Realizar e expor traballos de investigación, individualmente ou en grupo, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías.	1. PAB1.5.1. Realiza un traballo de investigación sobre as construcións megalíticas en Galicia.	1. CCEC 2. CCL 3. CAA 4. CD 5. CSIEE
			1. PAB1.5.2. Realiza un traballo de investigación sobre os petróglifos en Galicia.	1. CCEC 2. CCL 3. CAA 4. CD 5. CSIEE
1. h 2. n 3. p	1. B1.6. Conservación do patrimonio: arte prehistórica.	1. B1.6. Respetar as creacións artísticas da prehistoria en Galicia, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio escaso e insubstituíble que hai que conservar.	1. PAB1.6.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte prehistórica que se conservan en Galicia.	1. CCEC 2. CCL 3. CAA 4. CSIEE
	Bloque 2. Idade Antiga			
1. n	1. B2.1. Cultura castrexa.	1. B2.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da cultura castrexa, relacionándoa co seu respectivo contexto histórico e cultural.	1. PAB2.1.1. Describe as características e as funcións dos principais tipos da arquitectura castrexa.	1. CAA 2. CD 3. CSIEE
1. d 2. e 3. m 4. n	1. B2.2. Comentario de obras de arte: arte da época castrexa en Galicia	1. B2.2. Analizar, comentar e clasificar obras significativas da cultura castrexa e da arte romana, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	1. PAB2.2.1. Explica os trazos principais dos castros, o urbanismo e os sistemas defensivos, a partir de fontes históricas ou historiográficas, a través do Castro de Viladonga ou do Castro de Baroña.	1. CCEC 2. CCL 3. CSC

	Patrimonio Artístico e Cultural de			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		1. B2.3. Utilizar a terminoloxía específica da arte nas exposicións orais e escritas, denominando con precisión os elementos e as técnicas principais.	1. PAB2.3.1. Especifica e explica a tipoloxía da escultura e a ourivaría castrexa: torque de Burela, cabeza de Rubiás e guerreiro de Armeá.	1. CCEC 2. CCL 3. CSC
1. n	1. B2.3. Arte romana. Época tardorromana.	1. B2.4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte romana, en relación co seu respectivo contexto histórico e cultural.	1. PAB2.4.1. Describe as características e as funcións dos principais tipos de edificios romanos.	1. CAA 2. CD 3. CSIEE
			1. PAB2.4.2. Explica os trazos principais da cidade romana a partir de fontes históricas ou historiográficas e a través das murallas de Lugo.	1. CCEC 2. CCL 3. CAA
			1. PAB2.4.3. Describe as características esenciais e a función da arquitectura relixiosa tardorromana a través do templo de Santalla de Bóveda.	1. CCEC 2. CCL 3. CSC
1. n	1. B2.4. Función social da arte castrexa e romana.	1. B2.5. Explicar a función social da arte romana, especificando o papel desempeñado por clientes/as e artistas, e as súas relacións.	1. PAB2.5.1. Especifica quen eran os/as principais clientes da arte romana, e a consideración social da arte e dos/das artistas.	1. CCEC 2. CCL 3. CSC
1. d 2. e 3. m 4. n	1. B2.5. Comentario de obras de arte: arte da Idade Antiga en Galicia	1. B2.6. Analizar, comentar e clasificar obras significativas da arquitectura romana en Galicia, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	1. PAB2.6.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas romanas: murallas de Lugo, torre de Hércules, termas de Lugo, ponte romana de Lugo, ponte maior de Ourense, ponte Lubiás e ponte do Bibeí.	1. CCEC 2. CCL 3. CAA

	Patrimonio Artístico e Cultural de			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
1. d 2. e 3. g 4. m 5. n 6. n	1. B2.6. Traballo de investigación en patrimonio artístico e cultural de Galicia. Arte da Idade Antiga en Galicia.	1. B2.7. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías.	1. PAB2.7.1. Realiza un traballo de investigación sobre un dos seguintes castros en Galicia: San Cibrao de Las, Viladonga, Baroña, Santa Trega, Borneiro, Elviña e Fazouro.	1. CCEC 2. CCL 3. CAA 4. CD 5. CSIEE
			1. PAB2.7.2. Realiza un traballo de investigación sobre as pontes romanas en Galicia.	1. CCEC 2. CCL 3. CAA 4. CD 5. CSIEE
1. h 2. n 3. p	1. B2.7. Conservación do patrimonio: arte na Idade Antiga en Galicia.	1. B2.8. Respetar as creacións artísticas da arte na idade antiga en Galicia, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio escaso e insubstituíble que hai que conservar.	1. PAB2.8.1. Explica as construcións castrexas en Galicia e a problemática da súa conservación.	1. CCEC 2. CCL 3. CSC
	Bloque 3. Idade Media			
1. n	1. B3.1. Arte prerrománica. Achea cristiá á arquitectura e á iconografía.	1. B3.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte paleocristiá, en relación co seu respectivo contexto histórico e cultural.	1. PAB3.1.1. Explica a evolución da escultura paleocristiá.	1. CCEC 2. CCL 3. CSC
			1. PAB3.1.2. Explica a evolución da pintura e o mosaico na arte paleocristiá, con especial referencia á iconografía.	1. CCEC 2. CCL 3. CAA
			1. PAB3.1.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras escultóricas romanas: a estela de Tines e o lábaro de Quiroga.	1. CCEC 2. CCL 3. CAA

Patrimonio Artístico e Cultural de				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
1. n	1. B3.2. Suevos e visigodos.	1. B3.2. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte prerrománica en Galicia, en	1. PAB3.2.1. Define o concepto da arte prerrománica e específica as súas manifestacións en Galicia.	1. CCEC 2. CCL
			1. PAB3.2.2. Describe as características xerais das primeiras manifestacións artísticas do prerrománico en Galicia: mosteiro de San Pedro de Rocas e a Lauda de Modesa (Rebordáns).	1. CCEC 2. CCL 3. CAA
			1. PAB3.2.3. Describe as características xerais da arquitectura visigótica en Galicia: Santa Comba de Bande.	CCEC CCL CAA
n	B3.3. Séculos IX e X.	B3.3. Analizar, comentar e clasificar obras significativas da arte prerrománica en Galicia, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	PAB3.3.1. Identifica, analiza e clasifica razoadamente no seu estilo as seguintes obras: San Xes de Francelos, Santa Eufemia de Ambía, Santa María do Cebreiro, Santo Antolín de Toques, Santa María de Mixós, Santa Comba de Bande e a capela de San Miguel de Celanova.	CCEC CCL CAA
n	B3.4. Configuración e desenvolvemento da arte románica. Igrexas e mosteiros. Iconografía	B3.4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte románica en Galicia, en relación cos seus respectivos contextos históricos e culturais.	PAB3.4.1. Describe as características xerais da arte románica en Galicia a partir de fontes históricas ou historiográficas.	CCEC CCL CAA
			PAB3.4.2. Describe as características e a función das igrexas e dos mosteiros na arte románica en Galicia a través dos mosteiros da Ribeira Sacra: Santo Estevo de Ribas de Sil, Santa Cristina de Ribas de Sil e Santa María de Ferreira de Pantón.	CCEC CCL CSC

	Patrimonio Artístico e Cultural de			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			PAB3.4.3. Explica as características da escultura e a pintura románica en Galicia, con especial referencia á iconografía.	CCEC CCL
n	B3.5. Primeiro Románico.	B3.5. Analizar, comentar e clasificar obras significativas do primeiro Románico en Galicia, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	PAB3.5.1. Describe as características xerais da arquitectura no primeiro Románico en Galicia a través das seguintes obras: basílica de San Martiño de Mondoñedo e San Xoán de Vilanova.	CCEC CCL CAA
n	B3.6. Románico pleno: Catedral de Santiago. O Románico no Camiño de Santiago.	B3.6. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da Catedral de Santiago e a importancia do Camiño, en relación co seu respectivo contexto histórico e cultural.	PAB3.6.1. Relaciona o Camiño de Santiago e a súa importancia relixiosa coa aplicación da arte románica.	CCEC CCL CAA
			PAB3.6.2. Relaciona a influencia do Camiño co desenvolvemento de Santiago.	CCEC CCL CAA
n	B3.7. Tardorrománico. Arquitectura do Císter.	B3.7. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais do Románico de transición, en relación co seu respectivo contexto histórico e cultural.	PAB3.7.1. Describe as características xerais da arquitectura no tardorrománico ou protogótico en Galicia a través das seguintes obras: San Lourenzo de Carboeiro, mosteiro de Santa María de Oseira e mosteiro de Santa María de Armenteira.	CCEC CCL CAA
n	B3.8. Función social da arte románica.	B3.8. Explicar a función social da arte románica, especificando o papel de clientes/as e artistas, e as súas relacións.	PAB3.8.1. Especifica as relacións entre artistas e clientes/as da arte románica.	CCEC CCL CSC CAA

	Patrimonio Artístico e Cultural de			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
d e m n	B3.9. Comentario de obras de arte: arte románica en Galicia.	B3.9. Analizar, comentar e clasificar obras significativas da arte románica en Galicia, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	PAB3.9.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras da arquitectura románica: catedral de Santiago de Compostela, Santa María de Cambre, Santa María do Campo, igrexa de Santiago en A Coruña, colexiata de Santa María de Sar, Santa María de Salomé, igrexa de Vilar de Donas, San Nicolás de Portomarín, catedral de Ourense, Santa María de Baiona e catedral de Santa María de Tui.	CCEC CCL CAA
			PAB3.9.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras da escultura románica: fachada de Praterías, Pórtico da Gloria e portada de Santo Estevo de Ribas de Miño.	CCEC CCL CAA
n	B3.10. Achega da arte gótica, expresión dunha cultura urbana. Catedral e arquitectura civil.	B3.10. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte gótica, en relación cos seus respectivos contextos históricos e culturais.	PAB3.10.1. Describe as características xerais da arte gótica en Galicia a partir de fontes históricas ou historiográficas.	CCEC CCL CAA
			PAB3.10.2. Describe as características e a evolución da arquitectura gótica en Galicia e especifica os cambios introducidos respecto á románica.	CCEC CCL CAA
			PAB3.10.3. Describe as características e evolución da escultura gótica en Galicia e especifica as súas diferenzas tipolóxicas, formais e iconográficas respecto á escultura románica.	CCEC CCL CAA

	Patrimonio Artístico e Cultural de			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
n	B3.11. Función social da arte gótica.	B3.11. Explicar a función social da arte gótica en Galicia, especificando o papel de clientes/as e artistas, e as súas relacións.	PAB3.11.1. Especifica as relacións entre artistas e clientes/as da arte gótica.	CCEC CCL CSC CAA
d e m n	B3.12. Comentario de obras de arte: arte gótica en Galicia	B3.12. Analizar, comentar e clasificar obras significativas da arte gótica en Galicia, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	PAB3.12.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras da arquitectura gótica nas ordes mendicantes: San Domingos de Bonaval, San Domingos de Pontevedra e San Francisco de Betanzos.	CCEC CCL CAA
			PAB3.12.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras da 3	CCEC CCL CAA
d e g m n r	B3.13. Traballo de investigación en patrimonio histórico e cultural de Galicia.	B3.13. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías.	PAB3.13.1. Realiza un traballo de investigación sobre os mosteiros románicos situados na Ribeira Sacra.	CCEC CCL CAA CD CSIEE
			PAB3.13.2. Realiza un traballo de investigación sobre o tratamento iconográfico e significado do Pórtico da Gloria.	CCEC CCL CAA CD CSIEE
h n p	B3.14. Conservación do patrimonio: arte na Idade Media en Galicia.	B3.14. Respectar as creacións artísticas da arte na Idade Media en Galicia, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio escaso e insubstituíble que hai que conservar	PAB3.14.1. Explica a importancia da arte románica no Camiño de Santiago.	CCEC CCL CSC

	Patrimonio Artístico e Cultural de			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			PAB3.14.2. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arquitectura prerrománica en Galicia.	CCEC CCL CAA CSIEE
			PAB3.14.3. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arquitectura románica en Galicia.	CCEC CCL CAA CSIEE
	Bloque 4. Idade Moderna			
n	B4.1. Renacemento. Patróns e artistas. Iconografía na arquitectura do século XVI. Orixe e desenvolvemento da	B4.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do Renacemento, en relación cos seus respectivos contextos históricos e culturais.	PAB4.1.1. Explica as características esenciais do Renacemento en Galicia e a súa periodización a partir de fontes históricas ou historiográficas.	CCEC CCL CAA
			PAB4.1.2. Especifica as características da arquitectura renacentista galega e explica a súa evolución.	CCEC CCL CAA
			PAB4.1.3. Especifica as características da escultura renacentista galega e explica a súa evolución.	CCEC CCL CAA
n	B4.2. Función social da arte renacentista en Galicia.	B4.2. Explicar a función social da arte do Renacemento, especificando o papel desempeñado por clientes/as e artistas, e as súas relacións.	PAB4.2.1. Especifica as relacións entre artistas e clientes/as da arte do Renacemento en Galicia.	CCEC CCL CSC CAA

	Patrimonio Artístico e Cultural de			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
d e m n	B4.3. Comentario de obras de arte: arte do renacemento en Galicia.	B4.3. Analizar, comentar e clasificar obras significativas da arte renacentista en Galicia, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	PAB4.3.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras da escultura renacentista en Galicia: estatuas da fachada do mosteiro de San Martiño Pinario e retablo da igrexa de Santa María de Castro Caldelas.	CCEC CCL CAA
n	B4.4. Unidade e diversidade do Barroco. Linguaxe artística ao servizo do poder civil e	B4.4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do Barroco, en relación cos seus respectivos contextos históricos e culturais.	PAB4.4.1. Explica as características esenciais do Barroco en Galicia a partir de fontes históricas ou historiográficas.	CCEC CCL
			PAB4.4.2. Especifica as diferenzas entre a concepción barroca da arte e a renacentista.	CCEC CCL CAA
			PAB4.4.3. Especifica as características da arquitectura barroca galega e explica a súa evolución.	CCEC CCL CAA
			PAB4.4.4. Especifica as características da escultura barroca galega e explica a súa evolución.	CCEC CCL CAA
			PAB4.4.5. Especifica as características da pintura barroca galega a través da obra de García de Bouzas.	CCEC CCL CAA
n	B4.5. Función social da arte do Barroco en Galicia.	B4.5. Explicar a función social da arte do Barroco en Galicia, especificando o papel desempeñado por clientes/as e artistas, e as súas relacións.	PAB4.5.1. Describe o papel desenvolto pola igrexa e a baixa nobreza ou fidalguía na arte do Barroco en Galicia.	CCEC CCL CSC CAA

	Patrimonio Artístico e Cultural de			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
d e m n	B4.6. Comentario de obras de arte: arte do Barroco en Galicia	B4.6. Analizar, comentar e clasificar obras significativas da arte do Barroco en Galicia, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	PAB4.6.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras da arquitectura barroca relixiosa en Galicia: obras de Domingo de Andrade, Fernando de Casas, Simón Rodríguez, Clemente F. Sarela, Pedro de Monteagudo (mosteiros de San Xoán de Poio e Sobrado dos Monxes) e Lucas Ferro Caaveiro.	CCEC CCL CAA
			PAB4.6.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras da arquitectura barroca civil en Galicia: pazos rurais e pazos de Fefiñáns, de Oca e de Santa Cruz de Ribadulla.	CCEC CCL CAA
			PAB4.6.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras da escultura barroca en Galicia: obras de Francisco de Moure, Gregorio Fernández, Mateo de Prado e Xosé Gambino.	CCEC CCL CAA
n	B4.7. Neoclasicismo. Enxeñeiros técnicos na arquitectura do neoclasicismo en Galicia. <i>Estilo academicista</i>	B4.7. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais do neoclasicismo, en relación co seu respectivo contexto histórico e cultural.	PAB4.7.1. Explica o século XVIII como época de coexistencia de vellos e novos estilos artísticos nun contexto histórico de cambios profundos.	CCEC CCL CAA
			PAB4.7.2. Explica as razóns do xurdimento do Neoclasicismo e as súas características xerais en arquitectura, escultura e pintura: o foco compostelán.	CCEC CCL CSC
			PAB4.7.3. Explica as características xerais do urbanismo academicista a través do Arsenal Real e o barrio da Magdalena en Ferrol.	CCEC CCL

	Patrimonio Artístico e Cultural de			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
n	B4.8. Función social da arte do Neoclasicismo en Galicia.	B4.8. Explicar a función social da arte do Neoclasicismo en Galicia, especificando o papel desempeñado por clientes/as e artistas, e as súas relacións.	PAB4.8. Describe o papel desempeñado polas ideas do reformismo ilustrado de Carlos III a través das academias.	CCEC CCL CSC CAA
d e m n	B4.9. Comentario de obras de arte: arte do Neoclasicismo en Galicia	B4.9. Analizar, comentar e clasificar obras significativas da arte do Neoclasicismo en Galicia, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	PAB4.9.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras da arquitectura neoclásica en Galicia: obras de Domingo Lois Monteagudo e de Melchor de Prado y Mariño. Pazo de Raxoi, fachada da Acibecharía, reforma da torre de Hércules, casas de Paredes e arquivo do Reino de Galicia en Betanzos.	CCEC CCL CAA
			PAB4.9.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras da escultura neoclásica en Galicia: obras de Manuel de Prado Mariño e Xosé Ferreiro.	CCEC CCL CAA
d e g m n r	B4.10. Traballo de investigación en patrimonio histórico e cultural de Galicia: a arte da Idade Moderna.	B4.10. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías.	PAB4.10.1. Realiza un traballo de investigación sobre o proceso de construción e urbanismo do Arsenal Real de Ferrol.	CCEC CCL CAA CD CSIEE
			PAB4.10.2. Realiza un traballo de investigación sobre Domingo de Andrade.	CCEC CCL CAA CD CSIEE

	Patrimonio Artístico e Cultural de			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			PAB4.10.3. Realiza un traballo de investigación sobre os pazos en Galicia.	CCEC CCL CAA CD CSIEE
h n p	B4.11. Conservación do patrimonio: arte na idade moderna en Galicia.	B4.11. Respectar as creacións artísticas da arte da Idade Moderna, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio escaso e insubstituíble que hai que conservar.	PAB4.11.1. Explica o proceso de barroquización de Santiago.	CCEC CCL CSC
			PAB4.11.2. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte dos séculos XVI a XVIII en Galicia.	CCEC CCL CAA CSIEE
Bloque 5. Idade Contemporánea				
e h m	B5.1. Arte galega do século XIX: Arquitectura do século XIX. Impacto dos novos	B5.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais do historicismo e eclecticismo, en relación cos seus respectivos contextos históricos e culturais.	PAB5.1.1. Entende a importancia da incorporación dos novos materiais á arquitectura, diferenciando os estilos que se serven deles.	CCEC CAA
			PAB5.1.2. Comprende a transcendencia da incorporación do concepto de urbanismo aos ensanches burgueses das cidades de Galicia (Juan de Cíórraga) e a xénese dos barrios obreiros.	CSC CCEC
			PAB5.1.3. Identifica as principais correntes da escultura galega do século XIX.	CCEC CCL

	Patrimonio Artístico e Cultural de			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			PAB5.1.4. Realiza un traballo de investigación en torno á pintura galega do século XIX (tendencias e principais autores/as).	CSIEE CCEC
a c p	B5.2. Función social do arte do século XIX galego.	B5.2. Explicar a función social da arte do historicismo e do eclecticismo, especificando o papel desenvolvido por clientes/as e artistas, e as súas relacións.	PAB5.2.1. Explica as razóns que levaron á planificación dos ensanches burgueses nas principais cidades galegas e o seu correlato co deseño dos barrios obreiros.	CCL CCEC
b h	B5.3. Comentario de obras de arte do século XIX en Galicia.	B5.3. Analizar, comentar e clasificar obras significativas do historicismo e eclecticismo, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	PAB5.3.1. Identifica, analiza e comenta a obra arquitectónica de Jenaro de la Fuente e as planificacións urbanísticas de Juan de Ciórraga.	CCEC CCL CAA
			PAB5.3.2. Identifica, analiza e comenta a obra escultórica de Isidoro Brocos.	CCEC CCL CAA
			PAB5.3.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras da pintura do século XIX en Galicia: obra pictórica da Xeración Doente e de Serafín Avendaño.	CCEC CCL CAA
n	B5.4. Século XX. Arquitectura. Renovación da linguaxe arquitectónica: funcionalismo do Movemento Moderno e	B5.4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura no século XX en Galicia, en relación cos seus respectivos contextos históricos e culturais.	PAB5.4.1. Explica o proceso de configuración e os trazos esenciais do Movemento Moderno na arquitectura en Galicia.	CCEC CCL CAA
			PAB5.4.2. Explica o proceso de configuración e os trazos esenciais do racionalismo na arquitectura en Galicia.	CCEC CCL CAA

	Patrimonio Artístico e Cultural de			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
n	B5.5. Fenómeno das vangardas nas artes plásticas en Galicia. Vangardas e novos medios: a fotografía e cine en Galicia.	B5.5. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais das artes plásticas no século XX en Galicia, en relación cos seus respectivos contextos históricos e culturais.	PAB5.5.1. Define o concepto de vangarda artística en relación co acelerado ritmo de cambios na sociedade da época e a liberdade creativa dos artistas iniciada no século anterior.	CCEC CCL CAA
d e m n	B5.6. Comentario de obras de arte: arquitectura e artes plásticas do século XX en Galicia	B5.6. Analizar, comentar e clasificar obras significativas da arte da primeira metade do século XX en Galicia, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	PAB5.6.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras da arquitectura do século XX en Galicia: Casa Fonte de San Andrés, Compostela 8, Praza de Lugo 22 e Casa Rey de Julio Galán y Carvajal; Pazo Municipal da Coruña, de Pedro Mariño; Praza de Lugo 13 e Casa Salorio, de Antonio López Hernández; Escolas da Fundación Labaca e "O dente de Ouro", de Leoncio Bescansa; Banco de Vigo, de Manuel Gómez Román; Concello de Porriño, Teatro García Barbón, Templo da Vera Cruz e Templo de Panxón, de Antonio Palacios; Casa Molina, Kiosco Alfonso e sanatorio antituberculoso de Cesuras, de Rafael González Villar; Banco Pastor, de Antonio Tenreiro; Estadio de Riazor, de Santiago Rey Pedreira; Policlínico Cíes, Mercado de Porriño e igrexa de Nosa Señora das Neves, de Xosé Bar Boo; Edificio Seat, Edificio Coca-Cola e Estadio de San Lázaro, de Andrés Fernández Albalat; Domus, Faro de Punta Nariga e Museo do Mar en Vigo, de César Portela; e vivenda unifamiliar en Corrubedo, de Iago Seara.	CCEC CCL CAA

	Patrimonio Artístico e Cultural de			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			PAB5.6.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras da escultura do século XX en Galicia: Naiciña, Picariña, Ofrenda de San Ramón e San Francisco, de Francisco Asorey; Campesiña sentada, Leiteira, Maternidade e Moza peiteándose, de Xosé Eiroa; Meus pais, de Xoán Piñeiro; Orlando furioso, de Camilo Otero; Mariñeiros e Peregrino loitando contra o vento, de José María Acuña; Escultura ao emigrante, de Eduardo Parrado; e Monumento a Eugenio D'Ors e Fonte dos Delfíns, de Cristino Mallo.	CCEC CCL CAA
			PAB5.6.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras da pintura do século XX en Galicia: obra pictórica de Manuel Colmeiro, Laxeiro, Arturo Souto, Fernando Álvarez de Sotomayor, Manuel Pesqueira, Luis Seoane, Eugenio Granell, Manuel Prego, Tino Grandío, María Antonia Dans, Maruxa Mallo, Manuel Abelenda, Isaac Díaz Pardo, Menchu Lamas, Francisco Lloréns, Urbano Lugrís, Alfonso R. Castelao, Xesús Corredoira, Carlos Maside, Xulia Minguillón, Reimundo Patiño, Julio Prieto Nespereira, Xaime Quessada e Alberto Datas.	CCEC CCL CAA
a c p	B5.7. Función social da arte do século XX en Galicia.	B5.7. Explicar a función social da arte do século XX en Galicia, especificando o papel desempeñado por clientes/as e artistas, e as súas relacións.	PAB5.7.1. Describe o papel dos/das artistas no contexto político do século XX en Galicia.	CCEC CCL CSC CAA

	Patrimonio Artístico e Cultural de			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
d e g m n	B5.8. Traballo de investigación en patrimonio histórico e cultural de Galicia: a arte no século XX en Galicia.	B5.8. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías.	PAB5.8.1. Realiza un traballo de investigación sobre a xeración do 25 e o GATEPAC en Galicia.	CCEC CCL CAA CD CSIEE
			PAB5.8.2. Realiza un traballo de investigación sobre os/as artistas do movemento renovador "Os Novos".	CCEC CCL CAA CD CSIEE
h n	B5.9. Conservación do patrimonio: arte na Idade Contemporánea en Galicia.	B5.9. Respetar as creacións artísticas da arte da Idade Contemporánea en Galicia, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio escaso e insubstituíble que hai que conservar.	PAB5.9.1. Selecciona unha obra arquitectónica, unha escultura ou unha pintura da primeira metade do século XX, de Galicia e xustifica a súa elección.	CCEC CCL CAA CSIEE
			PAB5.9.2. Realiza un traballo de investigación catalogando os bens artísticos de Galicia inscritos no Patrimonio Mundial da UNESCO.	CCEC CCL CAA CD CSIEE
	Bloque 6. Patrimonio industrial e			
h n	B6.1. Patrimonio industrial. Normativa. Plan Nacional do Patrimonio Industrial 2011. Tipoloxía.	B6.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura popular e industrial en Galicia, en relación cos seus respectivos contextos históricos, sociais e culturais.	PAB6.1.1 Explica o proceso de configuración do patrimonio industrial e cultural en Galicia.	CCEC CCL CAA

Patrimonio Artístico e Cultural de				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		B6.2 Respeitar as creacións da arquitectura popular e industrial en Galicia, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio escaso e insubstituíble que hai que conservar.	PAB6.2.1. Describe a importancia da protección do patrimonio industrial e cultural en Galicia.	CCEC CCL CAA
			PAB6.2.2. Define o concepto de patrimonio industrial (arqueolóxico, antigo, moderno e contemporáneo), da historia industrial, da economía industrial, da socioloxía industrial e da historiografía industrial.	CCEC CCL CAA
			PAB6.2.3. Describe a tipoloxía do patrimonio industrial en Galicia: lugares produtivos (obradoiros, minas, muíños, fornos, fábricas e sitios onde se produza calquera proceso produtivo).	CCEC CCL CAA
			PAB6.2.4. Describe a tipoloxía do patrimonio industrial en Galicia: almacéns e depósitos onde se garde a materia prima.	CCEC CCL CAA
			PAB6.2.5. Describe a tipoloxía do patrimonio industrial en Galicia: servizos, onde se xere enerxía ou se abasteza auga.	CCEC CCL CAA
			PAB6.2.6. Describe a tipoloxía do patrimonio industrial en Galicia: comunicacións, calquera medio de transporte, a súa infraestrutura e a súa paisaxe.	CCEC CCL CAA
			PAB6.2.7. Describe a tipoloxía do patrimonio industrial en Galicia: lugares sociais onde se desenvolvan actividades relacionadas cunha actividade industrial.	CCEC CCL CAA

	Patrimonio Artístico e Cultural de			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
n	B6.2. Función social do patrimonio industrial en Galicia.	B6.3. Explicar a función social do patrimonio industrial en Galicia, especificando o papel desempeñado pola sociedade e as súas relacións.	PAB6.3.1. Especifica os problemas do patrimonio industrial en Galicia: conservación ou restauración.	CCEC CCL CSC CAA
d e g m n	B6.3. Traballo de investigación en patrimonio industrial de Galicia.	B6.4. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías.	PAB6.4.1. Realiza un traballo de investigación sobre o patrimonio industrial en Galicia: os chozos do Suído, muíños, fornos, fábricas de fariñas, arsenal, pontes de ferro, ferrocarrís, minas, torres, etc.	CCEC CCL CAA CD CSIEE
h n	B6.4. Patrimonio cultural. Normativa e protección; BIC. Patrimonio inmaterial.	B6.5. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais do patrimonio cultural en Galicia, en relación cos seus respectivos contextos históricos, sociais e culturais, ademais de respectar as súas creacións, valorando a súa calidade en relación	PAB6.5.1. Explica o proceso de configuración do patrimonio cultural en Galicia.	CCEC CCL CAA
			PAB6.5.2. Define o concepto de patrimonio cultural de Galicia.	CCEC CCL CAA
			PAB6.5.3. Describe a tipoloxía do patrimonio cultural inmaterial.	CCEC CCL CAA

Patrimonio Artístico e Cultural de				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
n p	B6.5. Función social do patrimonio industrial e cultural en Galicia.	B6.6. Explicar a función social do patrimonio cultural en Galicia, especificando o papel da sociedade e as súas relacións.	PAB6.6.1. Especifica a riqueza, a diversidade e a extensión xeográfica do patrimonio cultural inmaterial en Galicia: Tradicións e expresións orais: lendas, contos, etc. Actos festivos, sociais e rituais. Música, danza e representacións teatrais tradicionais. Coñecementos, técnicas e prácticas tradicionais. Técnicas artesanais tradicionais.	CCEC CCL CSC CAA
d e g m n r	B6.6. Traballo de investigación en patrimonio cultural de Galicia: a arte no século XX en Galicia.	B6.7. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías.	PAB6.7.1. Realiza un traballo de investigación sobre o patrimonio cultural en Galicia: os Camiños de Santiago. BIC.	CCEC CCL CAA CD CSIEE
			PAB6.7.2. Realiza un traballo de investigación sobre o patrimonio cultural en Galicia: turismo e patrimonio artístico e cultural.	CCEC CCL CAA CD CSIEE
			PAB6.7.3. Realiza un traballo de investigación sobre o patrimonio cultural inmaterial en Galicia: técnica artesanal tradicional na pesca galega; o xeito e o cerco real.	CCEC CCL CAA CD CSIEE

14.5. TEMPORALIZACIÓN.

14.5.1 Distribución temporal das unidades didácticas

PRIMEIRO TRIMESTRE: SETEMBRO-OUTUBRO

Bloque 1. As raíces da arte galega

1.1 As imaxes e a súa representación simbólica..

- As imaxes rupestres de Galicia e as imaxes tribais no mundo.
- O posible significado iconolóxico
- O paralelismo cos grupos étnicos da actualidade
- A influencia dos petroglifos no deseño e na arte actuais

1.2 O megalitismo.

- O dolmen de Dombate

1.3 Función social da arte prehistórica

1.4 As obras significativas da arte prehistórica.

- Dolmen de Axeitos, e lapa de Gargantás
- Petroglifos de Mogor, Cotobade e Campo Lameiro
- Tesouro de Caldas e casco de Leiro

1.5 A conservación do patrimonio

- Os instrumentos

PRIMEIRO TRIMESTRE: OUTUBRO-NOVEMBRO

Bloque 2. Idade Antiga

2.1 A cultura castrexa.

2.2 Comentario de obras de arte.

- Trazos principais da arquitectura e urbanismo dos castros
- Arte Castrexa: escultura e ourivaría

2.3 Arte romana.

- Tipos de edificios romanos

• A cidade romana: Lugo

• A relixión tardorromana: Santalla de Bóveda

2.4 Función social da arte romana.

2.5 As principais obras romanas en Galicia

- Muralla romana de Lugo
- Termas de Lugo, e Torre de Hercules
- Pontes de Lugo, Ourense Lubiáns e Bibei

2.6 Conservación do patrimonio

PRIMEIRO TRIMESTRE: NOVENBRO-DECEMBRO

Bloque 3. Idade Media

3. 1 Arte prerrománica

- Escultura paleocristiá
- Pintura e mosaico, a iconografía
- Estela de Tines e Lábaro de Quiroga

3.2 Suevos e Visigodos

- A arte prerrománica en Galicia
- San Pedro de Rocas e a Lauda de Modesa
- Arquitectura: Santa Comba de Bande

3.4 Séculos IX e X

- San Xes de Francelos, Santa Eufemia de Ambía, Santa María do Cebreiro, Santo Antolín de Toques, Santa María de Mixós, Santa Comba de Bande e a capela de San Miguel de Celanova.

3.5 Igrexas e mosteiros. Iconografía

- Características xerais da arte románica
- Características e a función das igrexas e dos mosteiros na arte románica en Galicia a través dos mosteiros da Ribeira Sacra
- Pintura e escultura románica

3.6 Primeiro Románico

3.7. Románico pleno: A catedral de Santiago

- O camiño de Santiago
- O desenvolvemento de Compostela:

3.8 O románico tardío e o Cister

3.9 Función social da arte románica

SEGUNDO TRIMESTRE: XANEIRO

Bloque 3. Idade Media. Arte gótica

3. 10 Arte gótica, expresión dunha cultura urbana

- Características xerais
- Evolución da arquitectura en Galicia
- Evolución da ecultura en Galicia
- 3. 11 Función social da arte gótica
- 3. 12 Características xerais
- 3.13 As principais obras góticas en Galicia
- Ordes mendicantes: San Domingos de Bonaval, de Pontevedra e de Betanzos
- Escultura gótica: pórtico da catedral de Tui, porta do Colexio de San Xerome e sepulcro de Fernán Peres de Andrade "O Boo".
- 3.14 Conservación do patrimoniomedieval

SEGUNDO TRIMESTRE: FEBREIRO

Bloque 4. Idade Moderna: Arte renacentista

4.1 O Renacemento en Galicia

- Características esenciais do Renacemento en Galicia e a súa periodización

A arquitectura renacentista galega e a súa evolución.

A escultura renacentista galega e a súa evolución

4.2 Función social da arte renacentista en Galicia

4.3 As principais obras renacentistas en Galicia

- Arquitectura renacentista en Galicia: colexio de Nosa Señora da Antiga de Monforte, mosteiro de Santa María de Montederramo, Hospital Real de Santiago e Pazo de Fonseca
- Escultura renacentista en Galicia: estatuas da fachada do mosteiro de San Martiño Pinario e retablo da igrexa de Santa María de Castro Caldelas

SEGUNDO TRIMESTRE: MARZO

Bloque 40. Idade Moderna: Arte barroca e Neoclásica

4.4 Unidade e diversidade do Barroco

- Características esenciais do Barroco en Galicia

Diferenzas entre a concepción barroca da arte e a renacentista

Características e evolución da arquitectura barroca galega

Características e evolución da escultura barroca galega

Características da pintura barroca galega

4.5 Función social da arte barroca

4.6 O Barroco: obras principais

- Arquitectura barroca relixiosa en Galicia: obras de Domingo de Andrade, Fernando de Casas, Simón Rodríguez, Clemente F. Sarela, Pedro de Monteagudo (mosteiros de San Xoán de Poio e Sobrado dos Monxes) e Lucas Ferro Caaveiro.
- Arquitectura barroca civil en Galicia: pazos rurais e pazos de Fefiñáns, de Oca e de Santa Cruz de Ribadulla.
- Escultura barroca en Galicia: obras de Francisco de Moure, Gregorio Fernández, Mateo de Prado e Xosé Gambino

4.7 Características esenciais do Neoclasicismo

- O século XVIII como época de coexistencia de vellos e novos estilos artísticos nun contexto histórico de cambios profundos.
- Razóns do xurdimento do Neoclasicismo e as súas características xerais en arquitectura, escultura e pintura: o foco compostelán.

Características xerais do urbanismo academicista: Arsenal Real e barrio da Magdalena en Ferrol

4.7 Función social da arte do Neoclasicismo en Galicia.

O Neoclasicismo: obras principais

- Arquitectura neoclásica en Galicia: obras de Domingo Lois Monteagudo e de Melchor de Prado y Mariño. Pazo de Raxoi, fachada da Acibecharía, reforma da torre de Hércules, casas de Paredes e arquivo do Reino de Galicia en Betanzos.
- Escultura neoclásica en Galicia: obras de Manuel de Prado Mariño e Xosé Ferreiro.

4.8 Conservación do patrimoniioda Idade Moderna

TERCEIRO TRIMESTRE: ABRIL

Bloque 5 Idade Contemporanea

5.1 Arte galega do século XIX

- Arquitectura do século XIX. Impacto dos novos materiais: historicismo e eclecticismo. Obra de Jenaro de la Fuente
- Nacemento do urbanismo moderno. Homoxenización de modelos e creación dos barrios obreiros.
Escultura do Rexurdimento galego (Isidoro Brocos) e adopción da liturxia liberal na escultura galega do século XIX.
Pintura no século XIX galego: do romanticismo e o historicismo ao exotismo e o realismo

5.2 Función social da arte do século XIX en Galicia

5.3 Comentario de obras de arte do século XIX en Galicia.

5.4 Século XX. Arquitectura. Renovación da linguaxe arquitectónica: funcionalismo do Movemento Moderno e arquitectura orgánica

5.5 Fenómeno das vangardas nas artes plásticas en Galicia. Vangardas e novos medios: a fotografía e cine en Galicia

5.6 Comentario de obras de arte: arquitectura e artes plásticas do século XX en Galicia

5.7 Función social da arte do século XX en Galicia.

5.8 Conservación do patrimonio: arte na Idade Contemporánea en Galicia.

TERCEIRO TRIMESTRE: MAIO-XUÑO

Bloque 6. Patrimonio industrial e cultural en Galicia

6. 1 Patrimonio industrial. Normativa. Plan Nacional do Patrimonio Industrial 2011.Tipoloxía

6. 2 Función social do patrimonio industrial en Galicia.

6. 3 Patrimonio cultural. Normativa e protección; BIC. Patrimonio inmaterial.

6. 4 Traballo de investigación en patrimonio cultural de Galicia: a arte no século XX en Galicia

14.6 CRITERIOS DE PROMOCIÓN.

Promocionarán a materia todos aqueles alumnos que acaden alomenos un 5 na cualificación final ordinaria.

Un lugar importante entre os instrumentos para a avaliación da aprendizaxe do alumnado son os distintos tipos de probas orais e escritas (probas obxectivas, desenrolo de temas, exercicios de aplicación...). En relación co deseño e presentación destas probas acordamos ter en conta o seguinte:

Parécenos oportuno empregar diferentes tipos de cuestións ou exercicios en consonancia coas capacidades que se queiran avaliar. Así, por exemplo, os distintos tipos de probas obxectivas son as máis indicadas para avaliar a memorización de feitos e conceptos, mentres que o desenrolo dun tema por escrito é unha técnica máis axeitada para avaliar a capacidade do alumnado de estruturar con coherencia a información, de argumentar lxicamente, de tomar en consideración distintas informacións e opinións, e de sintetizar e valorar as súas achegas.

Os exames constarán de:

_ En H^a de España de 2º de Bachelato: o exame segue o modelo das probas da ABAU, con dúas opcións. Divídese en tres partes, nunha primeira, definición de termos; nunha segunda parte preguntas máis amplas; e nunha terceira, a partir duna serie de documentos (textos escritos, mapas, gráficos, imaxes...) os alumnos deberán elaborar un tema. Os criterios de calificación serán os da ABAU. Este tipo de proba é imposible de cuantificar de forma xeral pero é fundamental a capacidade de síntese, a utilización dun vocabulario específico, a claridade, a terse aos documentos, unha correcta expresión escrita...

Se farán un ou dous exames por avaliación. No segundo caso farase a media das dúas notas, agás se unha delas está cualificada con menos de tres puntos (consideramos que unha nota tan baixa demostra total descoñecemento da materia),
En 2º de Bachelato a recuperación de cada avaliación será no exame final. Admitese que un alumno non teña que recuperar unha ou mais avaliacións se a nota de exame é 4 ou mais.

As faltas de ortografía suporán o desconto de 0,10 puntos por cada unha, ata un máximo de 3 puntos.

Para superar a materia a nota media total deberá ser, como mínimo, un cinco.

para obter a cualificación global, sumaranse as notas dos exames (cun mínimo de 3 puntos para facer media) o traballo diario do alumno e a actitude.

En 2º de Bachelato, en Patrimonio de Galiciaa , os exámes supoñen o 75% da nota, a participación en actividades o 15% e actitude e chamadas de clase o 10%.

En caso ter superadas as tres avaliacións ó final do curso, un alumno pode presentarse a un exame final de todo o curso para subir nota, sempre que o alumno haxa feito tódolos exames parciais, as recuperacións, asistira regularmente a clase e tivera unha actitude positiva.

En caso de copiar nun exame, o alumno suspenderá esa proba e deberá facer a recuperación, se o exame é o final de xuño ou o extraordinario de xuño suspenderá dita proba.

Dado que a avaliación é contínua, entendemos como procedemento de avaliación extraordinario aquel que se aplique unha vez que a avaliación final ordinaria sexa negativa. Para eses casos haberá unha proba formal escrita no mes de maio que puntuará sobre 10 puntos e onde haberá que dar conta dos contidos mínimos esixibles para unha avaliación positiva.

No caso de suspender a proba extraordinaria de maio haberá outra en Xuño coas mesmas características.

Nas probas extraordinarias, o alumnado deberá ser moi escrupuloso coa puntualidade, xa que o seu incumprimento considerarase unha falta leve. Para unificar criterios o Departamento decide que cando se celebren os exames, o alumnado terá que esperar quince minutos para poder saír, e a partir dese momento non se deixará entrar a ninguén baixo ningún concepto.

Con respecto ós exames finais e extraordinarios, estes exames deben ser comúns para todos os alumnos e alumnas do mesmo nivel.

15.ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES EN BACHARELATO.

Os alumnos dos bacharelatos de Humanidades e Sociais poden ter suspensa a Historia do Mundo Contemporáneo de primeiro curso. Para recuperala faranse tres exames, un por avaliación.

Para superar a materia os alumnos deberán aprobar os tres exames (cun mínimo de 3 puntos para poder facer media). En caso de non facelo terán outra oportunidade en maio e en xuño con toda a materia. No caso de que o alumno/a intentase copiar o exame quedaría suspenso de inmediato.

A xefa do departamento estará a disposición dos alumnos para explicarlle ou proporcionarlle aclaracións e exercicios cando o necesiten.

As datas dos exames serán coordinadas pola xefatura de estudos.

16. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NO BACHARELATO.

Para atender as diferenzas entre o alumnado desta área contéplanse distintos tipos de medidas ordinarias nos tempos e espazos das aulas habituais. No caso de alumnos con TDH, e xunto co departamento de Orientación se poñerán en marcha unha serie de pautas como resposta educativa enfocada a adecuar o contexto académico ás necesidades dos alumnos e as súas diferenzas na forma de aprender a través de medidas organizativas e metodolóxicas que o profesor poida poñer en práctica na clase.

É importante, ademáis, manter unha comunicación frecuente e fluida coa familia dos alumnos con TDAH, para asegurar que se leva a cabo un traballo común e coherente, que resulte eficaz.

17.CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA.

A materia de Xeografía e Historia pretende, segundo o nivel, adquirir ou consolidar nos alumnos e alumnas unha madurez social, un espírito crítico e unha sensibilidade que lles permita coñecer e valorar a natureza e o seu patrimonio histórico e artístico e, actuar de forma responsable e autónoma na sociedade actual. Isto supón a incorporación daqueles elementos que demanda a sociedade actual, tales como a educación para os dereitos humanos e a paz, educación cidadá, educación para a igualdade entre os sexos, educación ambiental, educación multicultural e europea ...

Estes temas transversais se desenvolverán de forma integrada nos contidos das diferentes materias e niveis.

A educación para os dereitos humanos e a paz pretende: apreciar os dereitos e liberdades humanas como un logro irrenunciable da humanidade. Desenvolver actitudes de rexeitamento ás desigualdades sociais e económicas dos pobos e promover actitudes democráticas e de solidariedade con outros pobos e etnias.

A educación cívica pretende: desenvolver actitudes de tolerancia e respecto por ideas, opinións e crenzas que no coinciden coas propias. Formar un xuízo crítico e razoado dos problemas das sociedades contemporáneas. Comprender aqueles contidos de gran impacto social como a emigración, a violencia, o racismo...

A educación para a igualdade entre os sexos pretende: analizar criticamente a realidade e corrixir xuízos sexistas, rexeitar a violencia de xénero dando un tratamento equivalente e equilibrado ao papel semellante que xogan homes e mulleres no devir histórico. Consolidar hábitos non discriminatorios.

A educación ambiental pretende: comprender as consecuencias medioambientais que se derivan de certos acontecementos políticos, económicos ou científicos: conflitos bélicos, explotación abusiva de recursos naturais, os incendios forestais... valorar e respectar o patrimonio histórico, artístico, cultural e social, asumindo a responsabilidade da súa conservación e mellora.

A educación multicultural pretende: comprender o significado histórico de culturas non europeas. Desenvolver actitudes de tolerancia e valoración respecto aos demais.

Os temas transversais da Xeografía e Historia teñen varios temas comúns con outros departamentos como o de Ciencias naturais, o de Galego, o de Lingua e Literatura española... cos que poderá intercambiar material ou compartir actividades.

18. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.

Para avaliar o proceso de ensino-aprendizaxe o docente guiarase polos seguintes indicadores:

Dimensión	Indicadores
Planificación	1. Programo a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.
	2. Programo a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento desta.
	3. Selecciono e secuencio de forma progresiva os contidos da programación da aula tendo en conta as particularidades de
	4. Programo actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.
	5. Planifico as clases de modo flexible, preparo actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e
	6. Establezo os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento
	7. Coordino a miña actividade co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á miña materia.
Motivación do	1. Proporciono un plan de traballo ao principio de cada unidade.
	2. Considero situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).
	3. Relaciono as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
	4. Informo sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.
	5. Relaciono os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.
	6. Estimulo a participación activa dos estudantes na clase.
	7. Promovo a reflexión dos temas tratados.
Desenvolvemento	1. Resumo as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais,

Dimensión	Indicadores
	2. Cando introduzo conceptos novos, relaciónoos, se é posible, cos xa coñecidos; intercalo preguntas aclaratorias; poño
	3. Teño predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.
	4. Optimizo o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.
	5. Utilizo axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.
	6. Promovo o traballo cooperativo e manteño unha comunicación fluída co alumnado.
	7. Desenvolvo os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.
	8. Presento actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.
	9. Presento actividades de grupo e individuais.
Seguimento e	1. Realizo a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel do alumnado.
	2. Detecto os coñecementos previos de cada unidade didáctica.
	3. Reviso, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.
	4. Proporciono a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como poden melloralas.
	5. Corrijo e explico de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e das alumnas, e dou pautas para a mellora
	6. Utilizo suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.
	7. Favorezo os procesos de autoavaliación e coavaliación.
	8. Propoño novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.
	9. Propoño novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.

Dimensión	Indicadores
	10. Utilizo diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, do nivel do alumnado, etc.
	11. Emprego diferentes medios para informar dos resultados ao alumnado e aos pais.

19. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

O departamento plantexará coa suficiente antelación á Vicedirección a realización de actividades complementarias e extraescolares.

20. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PRESENTE DOCUMENTO E PROCESOS DE MELLORA.

Os obxectivos da avaliación da programación ou da práctica docente no Departamento de Xeografía e Historia son:
 Detectar necesidades educativas concretas no alumnado e aplicar as medidas de atención á diversidade necesarias segundo as dificultades de aprendizaxe que presente cada alumno/a.

Coñecer o grao de cumprimento das programacións didácticas nas distintas materias.

Valorar a posibilidade de introducir modificacións no desenvolvemento das programacións didácticas das materias do Departamento.

Ter un seguimento dos resultados académicos nas avaliacións nas materias de Xeografía e Historia. Valorar estes resultados e facer un seguimento ao longo do curso.

Os instrumentos para a avaliación da programación ou da práctica docente son, fundamentalmente despois de cada avaliación:

- _ Aplicación de medidas de atención á diversidade nas materias de Xeografía e Historia.
- _ Informes de Xefatura de Estudos sobre resultados académicos.
- _ Valoracións presentadas polos membros do Departamento durante as reunións do Departamento.

_ Resultados académicos obtidos polo alumnado nas materias de Xeografía e Historia nas avaliacións.

Os membros do departamento revisarán mensualmente a temporalización dos contidos de cada materia, así como os aspectos didácticos necesarios para o seu mellor aproveitamento por parte dos alumnos.

Os membros do departamento analizarán ao final de cada avaliación os distintos aspectos do proceso de ensino-aprendizaxe en función dos resultados sumativos obtidos polos alumnos, implementando eventuais correccións durante o seguinte trimestre.

Na derradeira reunión os membros do departamento farán unha revisión xeral do curso e da programación para decidir que cousas modificar de cara ó curso vindeiro. Tal revisión e modificación ficará explícita na memoria de fin de curso.

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA.

IES. A XUNQUEIRA I

PONTEVEDRA

Setembro 2021